

TERCEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA EP 3102 AO CEP PEDRO CASELLES DENDE O PQ 0+000 ATA O PQ 0+400”.

INTERVENEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dontra parte, Sandra González Álvarez, alcaldesa do Concello de Tomiño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra. As partes reconécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin

EXPOÑEN

I.- O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP 3102 ao CEP Pedro Caselles, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+400 (Concello de Tomiño)”, con vixencia ata o 31 de decembro de 2022. O 05 de decembro de 2022 formalizouse a primeira addenda ao convenio estendéndose a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023 e o 20 de abril de 2023 formalizouse a segunda addenda ao convenio no que se modificaba o financiamento previsto no Convenio como consecuencia da concesión dunha axuda por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAIE).

II.- A cláusula novena do referido convenio, modificada pola primeira addenda, establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP 3102 ao CEP Pedro Caselles, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+400 (Concello de Tomiño)”.



A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 27 de xullo de 2021, modificado polas addendas asinadas os días 5 de decembro de 2022 e 20 de abril de 2023 respectivamente, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

